



#ogalegocomovozdaterra

defensa da lingua,
do patrimonio
e dos animais

Por Soledad García Riveiro



Emocionaria

Emocionaria Arte e Literatura é un proxecto de difusión e promoción do galego impulsado pola escritora **Soledad García**. En 2021 inicia “**Garatuxas do Val Miñor**” no grupo Solaina, co obxectivo de fomentar o **uso do galego na infancia**, visibilizar o patrimonio cultural e natural e **promover a lectura e as tradicións**, todo **nun marco de respecto á natureza**, á **fauna** e ao coidado da comarca do Val de Miñor e de Vigo. Posteriormente, continúa en solitario, consolidando o proxecto con **libros evolutivos e didácticos** que teñen como eixe a lingua galega, complementados con **rutas descargables** e **audiolibros** para promover **hábitos de vida saudables**, estimular **o uso da lingua galega**, da lectura en galego e actividades ambientais.



Ligazón: A escritora na AELG



O proxecto articúlase arredor do lema e **hashtag** **#ogalegocomovozdaterra**, empregado de forma continuada para visibilizar accións culturais, educativas e comunitarias nas que **o galego é lingua de creación, de relación e de participación social**. Este lema resume a filosofía do proxecto: o galego como lingua que nace do lugar, se transmite a través do afecto e se consolida no uso cotián.

Emocionaria actúa como un **ecosistema cultural sostido no tempo**, no que libros, actividades, actos públicos, eventos comunitarios e presenza mediática funcionan como **ferramentas complementarias ao servizo da normalización lingüística**. Ademais, a escritora forma parte do **grupo de Promoción do Uso do Galego (PUGA) no Instituto de Estudos Miñoráns**, reforzando a súa implicación na difusión e consolidación da lingua galega.

Ligazón: #ogalegocomovozdaterra



Obxectivo xeral

Difundir activamente a **lingua galega** entre o **público infantil, xuvenil e familiar**, coa finalidade de contribuír ao seu prestixio. A través da creación e promoción dunha **colección de libros** con enfoque local, aborda temas variados que cultivan valores esenciais, como a **diversidade, a tradición cultural, o coidado do medio ambiente e hábitos de vida saudables**. A meta non se limita ao uso e **enriquecemento do galego** senón tamén fomentar unha conexión emocional coa cultura e contorna, estimulando o **amor polo galego desde idades temperás**.

Este **enfoque integral** pretende consolidar a lingua galega como parte integral da identidade das xeracións futuras, contribuíndo así á **normalización** e ao **prestixio do galego** fortalecendo a súa presenza activa na sociedade.

Ligazóns: A literatura galega nas súas voces

Obxectivos específicos

Promover a diversidade dende idades temperás

A través dos libros "DEDAS" e "ZOO LIBRE" foméntase o respecto á diversidade dende a infancia, transmitindo que todas e todos somos tan iguais como diferentes. As presentacións incluíron pequenas **signacións** para acompañar a narración facendo a **lectura máis accesible e inclusiva**. O obxectivo é **promover a lingua galega** mentres se sensibiliza ás novas xeracións sobre a **importancia da diversidade**, reforzando os valores lingüísticos, culturais e sociais.

Poñer en valor o patrimonio local a través de libros temáticos

As obras "Un paseo por Nigrán", "Un paseo por Baiona" e "Un paseo por Gondomar", destacan e preservan a **riqueza cultural e natural** do Val de Miñor. A través de elementos propios de cada localidade, ofrecen unha visión auténtica do seu **patrimonio**, fomentando o coñecemento da contorna e reforzando o **sentimento de orgullo e conexión coas raíces culturais**. Deste xeito, contribúen á **consolidación do galego como lingua de expresión e transmisión do legado patrimonial**.

Ligazón: Proxecto Garatuxas do Val de Miñor

Obxectivos específicos

Internacionalización e promoción cultural

A tradución de “Un paseo por Baiona” ao inglés “A Walk in Baiona”, amplía a **proxección da lingua galega a nivel internacional** e serve como ferramenta na **defensa dos garranos**. A súa presentación na feira internacional Börse de Berlín, no marco do Safari Etolóxico dos Garranos, implica ao público global na súa conservación, reforzando a conexión entre **o galego e a preservación do patrimonio natural**, incluso ante os peregríns que percorren o Val de Miñor cara a Santiago.

Difusión da lingua en novos espazos

A presentación dos libros mediante **conta-pintacontos, contacontos e outros formatos** foi máis alá de auditorios, bibliotecas e escolas, chegando a lugares menos convencionais como **fábricas, supermercados e centros comerciais**. Esta estratexia busca **fomentar a lectura e o uso do galego** e ampliar o público obxectivo ao introducir a lingua en lugares menos comúns. A **diversificación dos espazos de difusión** reflicte o compromiso coa normalización da lingua galega, asegurando a súa presenza en distintos contextos e facilitando un acceso máis amplo á nosa cultura e literatura.

Ligazón: Baiona despide o curso cun paseo por Baiona



Obxectivos específicos

Promover tradicións locais para a normalización cultural

Con “SAMAGOSTÍN” visibilízase e edúcase sobre a rica tradición celta do Samaín, marcando a transición ao outono. Incorpora elementos e costumes propios desta celebración, contribuíndo non só á preservación cultural, senón tamén á **normalización lingüística** ao transmitir as **prácticas dos nosos ancestros celtas na nosa lingua**.

En “Un paseo por Nigrán” e no “Herbario do solsticio de verán”, recóllese a tradición de **elaborar o ramo de San Xoán** mediante a recolección de herbas medicinais. Estas obras rememoran e preservan a cultura e as **tradicións populares** vinculadas a esta festividade. Ademais, poñen en valor a **diversidade lexical** ao mostrar como as distintas herbas reciben nomes variados segundo a xeografía galega, enriquecendo así o léxico e promovendo a normalización do idioma. Todo isto complétase coa **recuperación de refráns e proverbios dos nosos antecesores**, reforzando a conexión coa sabedoría popular.





Obxectivos específicos

Innovación e difusión en feiras

A creación de libros visualmente atractivos para un público infanto-xuvenil e familiar destaca pola orixinalidade e impacto. A **inclusión de roteiros descargables mediante QR e diversas actividades** non só fomenta a aprendizaxe do galego, senón que tamén **capta a atención do público de forma lúdica**.

O proxecto “Garatuxas do Val Miñor” tivo repercusión internacional no United Nations International School do Ministerio de Educación en Nova York, celebrando unha **ponencia** virtual para o alumnado, evidenciando o recoñecemento da nosa innovación máis aló das nosas fronteiras.

O uso do **código QR**, que **inclúe a ruta**, as ilustracións e os textos completos do libro, é unha ferramenta pioneira para difundir a lingua e a cultura galega, adaptándose ás novas formas de comunicación. Ademais para ampliar o alcance do proxecto **creáronse postais divulgativas dos libros con rutas**. O libro de “**Un paseo por Gondomar**” **estivo presente na Feira FITUR de Madrid** no ano 2025, e as postais foron presentadas na mesma feira no ano anterior.



Obxectivos específicos

Do local ao global

Achegar ás nenas, nenos e familias á lectura a través de libros que visibilizan a súa contorna. Preténdese que se identifiquen coas historias, explorando a beleza do seu **entorno inmediato**. Ao facelo, non só se promove unha relación máis estreita coa lingua, senón tamén se reforza a súa **identidade cultural** construíndo futuros cidadáns conscientes, e sentando as bases para a defensa e promoción da cultura galega a nivel local.

Hábitos de vida saudables a través dos roteiros dos libros

Os roteiros de “Un paseo por Nigrán”, “Un paseo por Baiona” e “Un paseo por Gondomar” buscan **promover hábitos de vida saudables e fomentar o uso do galego durante as rutas**. Animan a desconectar das pantallas e dispositivos móbiles, inspirando a **conexión coa natureza** e a interacción familiar, todo mentres se disfruta da lectura en galego. O obxectivo é crear experiencias significativas que, ademais de fomentar un estilo de vida saudable, fortalezcan a conexión coa nosa lingua, cultura e tradicións.

Ligazón: Libros para pasear





Obxectivos específicos

Ampliación de vocabulario en galego

Outro obxectivo é **enriquecer o vocabulario** das e dos lectores de forma lúdica e educativa, abordando termos pouco usados e ofrecendo unha oportunidade para que nenas e nenos expandan o seu léxico. Desde descubrir os **nomes das aves** do esteiro do río Miñor ata aprender sobre os **ósos do corpo humano**, as **herbas medicinais**, as **partes dun garrano** e as **formas da paisaxe de costa...** os libros proporcionan unha experiencia educativa completa.

As **onomatopeas** en “Samagostín” e os materiais dos **experimentos científicos** en “Un paseo por Gondomar” engaden un elemento lúdico e interactivo ao proceso de aprendizaxe.

Nos libros “DEDAS”, “URCO unha historia reciclada”, “ZOO LIBRE” e “VERSOS E ABELLAS para salvar o planeta” préstase especial atención ás necesidades dos máis cativos, cunha **dobre lectura do texto**, que utiliza diferentes tipos de letras e tamaños, os nomes dos días e os meses do ano, reforzado de **audiolibros con cancións** para facilitar a súa introdución ao galego.





Obxectivos específicos

Conciencia ambiental e cultural a través das historias dos libros

"Un paseo por Nigrán" achega á recuperación do patrimonio a través da volta do mosaico do muxe milenario a Panxón, tras anos na galería neoiorquina Carlton Hobbs. Este relato destaca a riqueza cultural e **reforza a normalización da lingua galega ao celebrar a preservación do patrimonio local.**



"Un paseo por Baiona" aborda o impacto ambiental dos aeroxeneradores na Serra da Groba, destacando o rexeitamento de tres proxectos eólicos en 2022 pola súa afectación medioambiental. Busca concienciar sobre estas cuestións ambientais críticas e **reforzar o uso da lingua galega na defensa do patrimonio natural.**

"Un paseo por Gondomar" reflicte a situación tras os incendios de 2017 e destaca a riqueza xeolóxica e arqueolóxica da Serra do Galiñeiro, que contén importantes depósitos de terras raras. Promove o coidado do medio ambiente e a valorización do patrimonio, integrando a lingua na reflexión sobre a conservación e sensibilizando ás novas xeracións.

Ligazón: Mosaico de Panxón



Obxectivos específicos

"URCO unha historia reciclada" pon de manifesto as altas cifras de abandono de animais en Galicia. A través dunha historia real e de actividades promove a adopción responsable, contribuíndo a alcanzar as 620 adopcións en Vigo de 2023 a 2025. Ao mesmo tempo, permite traballar as emocións e enriquecer o vocabulario en galego, integrando a lingua en ámbitos sociais e educativos de maneira natural e efectiva, favorecendo así a súa normalización e uso cotián.

"Misión para unha formiga" e o "Caderno de Actividades Vigo Planeta" acompañan a transformación do antigo zoo de Vigo nun centro de divulgación ambiental, destacan a importancia do benestar animal e fomentan o uso do galego tanto na lectura como nas actividades propostas nos libros.

"O soño de SEDNA" e "SON XENA: Adóptasme?" combinan música e narración para achegar aos lectores á realidade do cambio climático e á protección dos animais, fomentando a empatía polos seres vivos e o coidado do planeta desde a infancia.

Ligazón: Libro que fomenta a adopción URCO

Destinatarios

- ✦ Nenas e nenos de idades de 1 a 18 anos, educadores interesados en promover o galego e as tradicións locais, até público adulto.
- ✦ Familias, especialmente en contextos bilingües ou castelofalantes.
- ✦ Bibliotecas e centros culturais.
- ✦ Centros de ensino
- ✦ Centros de terceira idade

Ligazón: Revolución artística

Temporalización

Desenvolvemento de 20 libros cunha clara vocación divulgativa entre 2022 e 2025.

Xermolou coa saga “DEDAS” no proxecto “Garatuxas do Val Miñor” entre outubro de 2021 e maio de 2023. No 2023, 2024 e 2025 “URCO unha historia reciclada” impulsa unha campaña pioneira de adopción. De 2023 a decembro de 2025, varios libros centran a súa atención no fomento do uso do galego, na defensa dos animais engaiolados, na protección das abellas, entre outros temas ambientais. A súa visibilización mantense activa. En novembro de 2023, o proxecto foi presentado na Semana Grande da Infancia, e en xaneiro de 2024 e 2025, estivo presente en FITUR.






Libros

01. DEDAS
02. Un paseo por Nigrán
03. Un paseo por Baiona
04. Un paseo por Gondomar
05. A walk in Baiona
06. Samagostín
07. POEMARcovid
08. O camiño de Perséfone
09. APOSIOPESE
10. URCO unha historia reciclada
11. VERSOS E ABELLAS para salvar o planeta
12. ZOO LIBRE
13. Herbario do solsticio de verán
14. Un paseo polo Nadal de Vigo
15. VERSES AND BEES to save the planet
16. Son XENA
17. O soño de Sedna
18. LOST
19. Misión para unha formiga
20. Caderno actividades Vigo Planeta

Ligazón: A escritora na Wikipedia



Accións



1º OBRA

DEDAS, Ano 2021/22. Libro infantil en galego coa historia de dúas nenas, tan iguais e tan diferentes á vez, onde agroma a poesía e musicalidade en cada liña. Un conto para nenas e nenos sobre o **respeto á diversidade**, que se presenta en forma de libro **didáctico e evolutivo** para a súa lectura dende o primeiro ano ata os seis. Doble lectura. 64 páxs. **Distribución de 1000 exemplares.**



Ligazón: DEDAS conto sobre a diversidade



Accións



2º OBRA


Un paseo por Nigrán, Ano 2022. Libro infanto-xuvenil en galego con rutas descargables nun QR e actividades para poñer en valía o corazón do Val Miñor e **recuperar o mosaico románico do muxe** de Panxón.

Trama: Surfistas, sereas, xigantes, cruceiros... pintan con maxia a noite de San Xoán, dende Prado á Ramallosa, de Panxón a Nova York, dende o Gran Burato ao corazón do río Muíños. 48 páxinas. **Distribución de 1000 exemplares.**

Ligazón: Ruta Un paseo por Nigrán para os máis peques



Accións




3º OBRA

Un paseo por Baiona, Ano 2022. Libro infanto-xuvenil en galego con rutas descargables nun QR e actividades para destacar a **importancia dos garranos** e protexer o seu hábitat. **Trama:** Un pequeno garrano da Serra da Groba, chamado Artai, esperta unha mañá a carón dunha estraña árbore que ocupa o lugar do seu amigo Quer, o carballo que o arrolaba polas noites. A partir de aí buscará pola costa de Baiona quen o axude a salvalo. 82 páxs. **Distribución de 1000 exemplares**

Ligazón: Conto sobre os garranos da Groba

Accións




4º OBRA

Un paseo por Gondomar. Ano 2023. Libro infanto-xuvenil en galego con rutas descargables cun QR, actividades e experimentos científicos **para non esquecer os incendios de 2017, protexer a riqueza xeolóxica e ambiental da Serra do Galiñeiro e o patrimonio arqueolóxico de Gondomar.** Trama: O pequeno trasno da Casa Peralba, de nome Diego, atopa escrito no libro máis vello da biblioteca que no próximo eclipse de lúa un Trasnó de Lume virá queimar Gondomar. A partir de ahí entre petróglifos, muíños, ríos... buscarán incansables nas súas dez parroquias axuda para loitar contra este terrible meigallo. 108 páxs.
Distribución de 3000 exemplares

Ligazón: Un paseo por Gondomar

Accións



5º OBRA

A walk in Baiona, Ano 2023. Libro infanto-xuvenil en lingua inglesa para defender o proxecto do **Safari Etolóxico dos Garranos na Feria Internacional de Berlín**, escollido entre as 6 mellores propostas das Green Destinations 100 Top Histories por Cultura e Tradición. Contén a ruta co conto cun código QR e ilustracións, actividades ecuestres e medioambientais para xogar en familia e potenciar hábitos de vida saudables. 82 páxs. **Distribución de 1000 exemplares**

Ligazón: A walk in Baiona na Semana Universal da Infancia



Accións



6º OBRA

Samagostín. Ano 2022. Libro infantil en galego con actividades para **visibilizar a tradición celta do Samaín** que significa “a fin do verán” fomentando ferramentas nos máis pequenos para vencer o medo aos seres escuros que rodean a noite do 31 de outubro. Trama: A vida tranquila dunha araña bailarina e un gato músico vese alterada cando chega a súa casa unha bruxa malvada. Lograrán solucionar o problema? Terán axuda? Conto poético e educativo con moitas onomatopeas e actividades culturais. 36 páxs. **Distribución de 500 exemplares.**

Ligazón: Samaín cultural



Garatuxas do Val de Miñor

Onda onde vivo eu hai unha **ponte corazón** que pon guapo o río Miñor na súa voda co mar. Cando a marea está baixa, o río camiña un quilómetro, vestido de prata para unirse co seu destino aos pés da Ladeira. Cando a marea está alta, é o mar, que se impacienta e sobe a buscalo.

Onda onde vivo eu hai unha serea chamada **Calíope**. Os mariñeiros coñécena. Adoita acompañalos nas duras xornadas de traballo no mar. Anda á procura do mosaico do **muxe milenario** de Panxón que estaba en Nova York.

Onda onde vivo eu **Monteferro** é un xigante que tece pontes de granito polo mar para chegar á súa amada, a **Virxe da Rocha** de Baiona.

Onda onde vivo eu un pequeno garrano da Serra da Groba chamado **Artai** é quen de percorrer toda Baiona xunto ao boi **Breogán**, para salvar o seu amigo **Quer**, o carballo, afogado polo ataque dunha estraña árbore fruss fruss.

Onda onde vivo eu **Artai** leva a toda a súa manda a Berlín para defender o proxecto etolóxico dos garranos en Europa.


Onda onde vivo eu festexamos o **Samaín**, a fin do verán, para espantar os malos espíritos e darlle forza ao sol para vencer a escuridade do inverno

Onda onde vivo eu son as **terras de Turonio**. Terras cheas de lendas e xentes que brincan con elas.


Onda onde vivo eu os ríos están cheos de xacias e mouras que os protexen. Ríos que bañan e labran asterras de Gondomar, terras cheas de petróglifos, muíños, pontes e pazos nas que viviu moitas aventuras o **conde Diego Sarmiento de Acuña**, e con el comeza esta historia.

**onda onde onde miras ti
reverdece na nosa horta
a aorta que compartimos**

Dedas + Un paseo por Nigrán + Un paseo por Baiona + Un paseo por Gondomar + Samagostín + A walk in Baiona = **Garatuxas do Val de Miñor**



Accións



7º OBRA

Poemarcovida imaxes de palabra e vida. Ano 2022. Obra que rende homenaxe ao persoal sanitario e de protección civil pola súa labor durante a pandemia, empregando a poesía como vehículo de expresión e de vinculación á memoria colectiva. Ao mesmo tempo, contribúe á normalización do galego ao achegalo a espazos pouco habituais, como o ámbito sanitario, reforzando a súa presenza en contextos profesionais e de recoñecemento social. **Distribución de 1.000 exemplares.**

Ligazón: Homenaxe aos sanitarios

Ligazón: Vídeo homenaxe



Accións



8º OBRA

O camiño de Perséfone. Ano 2023. Poemario que explora a dualidade entre tecnoloxía e natureza a través da muller. Invita á reflexión sobre o noso papel no mundo moderno, facendo un chamamento á esperanza en tempos desafiante. Promove a reflexión ambiental e cultural, así como a importancia de preservar o noso entorno e a nosa identidade, a través do galego. **Distribución de 200 exemplares.** Co pasaporte musical foméntase a presenza do galego en expresións artísticas diversas, promovendo unha conexión máis fonda coa cultura galega á vez que se amplía o público obxectivo.



Ligazón: Premio O camiño de Perséfone



Accións




APOSIOPESE
SOLEDAD GARCÍA RIVEIRO

9º OBRA

APOSIOPESE. Ano 2024. Poemario que homenaxea os oficios, ampliando o léxico galego con **termos da albanelería e da apicultura**, convertendo a literatura nunha vía de valorización da lingua. Divulgación e experiencia sensorial cun **relatorio sobre as abellas raíñas** e unha cata de meles locais, co galego como motor do evento. Obra gañadora de dous certames de poesía, exemplifica como a literatura pode conectar co patrimonio inmaterial e contribuír á súa normalización. **Distribución de 200 exemplares.**

Ligazón: Presentación APOSIOPESE

Accións



10º OBRA

URCO unha historia reciclada. Ano 2023. Libro educativo con actividades sobre o abandono de animais e o fomento da adopción responsable tras a entrada en vigor da nova lei de Benestar Animal. Ilustrado con materiais reciclados (bolsas de lixo, envases de leite e friame, redes de froitas...) demostrando que sempre hai unha segunda oportunidade. Conta cun QR de acceso en tempo real aos animais abandonados no centro de protección animal de A Madroa. 40 páxs. **Distribución de 6.000 exemplares (1ª edic.), 3.300 (2ª edic.) e 3.000 (3ª edic.)**



Ligazón: Campaña Adóptame en Vigo



Accións



11º OBRA

VERSOS E ABELLAS para salvar o planeta. Ano 2024. Libro infantil en formato audiolibro para os máis pequenos, con rimas e un xogo final para aprender a polinizar, co fin de visibilizar a importancia de protexer ás abellas das súas invasoras as velutinas. Na defensa das abellas fomenta o uso do galego dende as idades máis temperás. Audiolibro. 12 páxs.
Distribución de 200 exemplares.

Ligazón: Presentación Versos e Abellas

Accións




12º OBRA

ZOO LIBRE. Ano 2024. En formato audiolibro educativo, musical, rimado e visual con dez animais e as súas características para concienciar sobre os seus dereitos mentres os máis pequenos aprenden os números, as letras e os continentes en galego, xogan cos papos dos dedos e exercitan a motricidade fina liberándoos da gaiola. 14 páxs. **Distribución de 200 exemplares.**

Ligazón: Presentación Zoo libre



Accións



13º OBRA

HERBARIO do solsticio de verán. Ano 2024. Unha invitación a descubrir o fascinante mundo das plantas máxicas do San Xoán. En formato libro de peto tipo acordeón, recolle refráns, proverbios, lendas e saberes populares, achegando toda a tradición arredor das herbas medicinais, do solsticio de verán e dos rituais asociados a esta noite máxica. Unha proposta didáctica e sensorial para conservar a memoria colectiva e crear o propio ramo de San Xoán, conectando ás novas xeracións coa cultura e a lingua galega. **Distribución de 200 exemplares.**

Ligazón: Taller de plantas medicinais



Accións



14º OBRA

Un paseo polo Nadal de Vigo. Ano 2024. Unha obra que combina historia, mitoloxía e unha profunda conexión emocional coa terra e a xente, entrelazando a fantasía cos cambios históricos e culturais da cidade. Undomel, a protagonista, é a gardiá do Nadal, do que xermola nos nosos corazóns nesas datas. E aínda que a dragoa non pode falar a nosa lingua, a escritora si, porque *“onda onde, onde miras ti, reverdece na nosa horta a aorta que compartimos”*. Premio Exeria. **Distribución de 200 exemplares.**

Ligazón: Presentación Un paseo polo Nadal



Accións



15º OBRA

Verses and bees to save the planet. Ano 2025. As abellas voan, riman e fan bzzz bzzz! Os nenos aprenden destas pequenas heroínas, axudan a crear ferramentas contra as velutinas e xogan a polinizar flores nun xogo final. Audiolibro con moitas onomatopeas. Libro obsequio na celebración dos 20 anos de irmandade entre Nigrán e Manchester. *Distribución de 100 exemplares.*

Ligazón: Irmandade Nigrán Manchester



Accións



16º OBRA

Son XENA. Adóptasme? Ano 2025. Audiolibro infantil con curtometraxe para explicar aos máis pequenos a importancia da esterilización felina dun xeito próximo e respectuoso fomentando o benestar animal e a responsabilidade. Trama: XENA é unha gatiña da rúa. Pasa frío, busca comida e soña cun lugar seguro. Un día, todo cambia... Queres coñecer a súa historia? Un conto moi especial que divulga o programa CES (Captura, Esterilización, Solta) e axuda a comprender mellor a vida dos gatos ferais. Ademais.... Sssssh! Contén dúas sorpresas finais en QR que che tocarán o corazón!

Ligazón: Presentación o Día Mundial do Gato



Accións



17º OBRA

O soño de Sedna. Ano 2025. Cómic musical para pintar, no que as onomatopeas e a expresión artística se poñen ao servizo da sensibilización sobre o cambio climático. A historia sitúanos no Ártico, onde vive Sedna, unha pequena morsa cunha grande preocupación: o seu corazón pesa máis ca os iglús. Crash! Crash! O xeo racha, o mundo cambia, e a música, a cor e a palabra convértense nunha ferramenta para tomar conciencia.

Ligazón: Presentación o Día Mundial dos Animais



Accións



18º OBRA

LOST. Ano 2025. Un conto infantil acompañado dunha curtometraxe, concibido para enriquecer a experiencia narrativa mediante a linguaxe audiovisual e poñer en valor a afouteza de ser un mesmo, fomentando a autoestima e o respecto pola diversidade. Trama: Coñeces quen vive no bosque? Acompaña a este ourizo cacho nunha fermosa aventura para descubrir quen é. Un conto de non acabar, cheo de sorpresas, onde a afouteza e a maxia de ser un mesmo son as verdadeiras protagonistas!

Ligazón: Presentación solidaria LOST



Accións



19º OBRA

Misión para unha formiga. Ano 2025. Libro infatil que pon en valor o coidado, a cooperación e o respecto polos animais. Trama: Safa, a xirafa, vive no zoolóxico rodeada de amigos... pero está triste. Un día, Chispa, a formiga, cóntalle algo que o cambia todo. O zoo de Vigo transfórmase e nace VigoNature, un espazo para aprender, xogar e soñar en liberdade. Atrévete á aventura? **Distribución de 4000 exemplares.**

Ligazón: Campaña concienciación benestar animal



Accións



20º OBRA

Caderno de actividades VIGO Planeta. Ano 2025. O caderno VIGO Planeta é unha viaxe. Coñecerás a Safa, a xirafa, que bota de menos a sabana africana. A Gante, o elefante reciclador. A Urco, o can das segundas oportunidades. A Siméon, o león, que nos fala do silencio. A Xenaro, o paxaro, coa música da natureza. A Fortunato, o gato namorado das estrelas. A Puga, a tartaruga que coida os mares. E a Chispa, a formiga, que nos ensina a forza das pequenas accións que cambian o planeta.

Distribución de 4000 exemplares.

Ligazón: Campaña divulgación ambiental VIGO Planeta



**Libros
colectivos e
proxectos
solidarios**

Obras

01. Bethléem
02. Carballo
03. Nunha vila caben todos os ventos
04. Anatomía dun remuíño de aire
05. No corazón da mamá medran todos os aloumiños
06. Salvavidas
07. Lares do Val Miñor
08. 456 cm de olladas compartidas
09. Non xogues aí, que te mancharás de piche!
10. Haberán de construír un cemiterio nas illas, algún día!
11. Redacción de documentos
12. De Titanio e Nácara!
13. As palabras son cinzas por soprar
14. Unha aldea de luz
15. Operación macaco
16. Postal solidaria Lost
17. Postal solidaria Barco guerreiros
18. A serea e o home plástico
19. Cutis mea denigrata est super me

Ligazón: Obras colectivas AELG





Avaliación

O proxecto aposta pola posta en valor do **patrimonio local a través de libros temáticos**, fomentando a **internacionalización e a promoción cultural**. Traballa tamén a **conciencia ambiental e cultural** a través das historias, **promove as tradicións locais** para contribuír á normalización cultural e **impulsa a innovación** na creación de libros visualmente atractivos. Ademais, contribúe á **ampliación do vocabulario** en galego, á **difusión da lingua en novos espazos** e á **conexión co entorno local**. O proxecto incentiva, ao mesmo tempo, **hábitos de vida saudables**, combinando a lectura coas actividades nos roteiros dos libros, ofrecendo así un enfoque holístico. A avaliación do proxecto baséase na **continuidade das accións**, na resposta da comunidade, na permanencia dos libros nos fogares e na demanda sostida actividades en galego. O uso recorrente do lema **#ogalegocomovozdaterra** evidencia a consolidación dunha identidade lingüística compartida arredor do proxecto.

Ligazón: A luz das palabras por Antonio García Teijeiro

O obxectivo é fortalecer o uso do galego na experiencia das lectoras e lectores e **reforzar a conexión coa lingua, a cultura e o entorno natural**. Emocionaria promove o galego como voz da terra, das persoas e das emocións.



- AMPLIACIÓN DO VOCABULARIO GALEGO
- FOMENTO DOS HÁBITOS SAUDABLES
- PROMOCIÓN E CONCIENCIACIÓN CULTURAL
- MAIOR CONCIENCIA AMBIENTAL
- MAIOR COÑECEMENTO DAS TRADICIÓNS LOCAIS PATRIMONIO LOCAL

2022-2025

Que sigamos
a ler,
a crescer
e a sonhar...

Contacto:



emocionaria@gmail.com



emocionaria.gal
soledad.garcia.escritora

Grazas!